

ABRIR PUERTAS Y VENTANAS

[Milagros Mumenthaler, 2011]

ESTREA EN NUMAX: 09.10.2017 | V.O. | +12

Abrir puertas y ventanas (2011, 99')

Dirección: Milagros Mumenthaler

Guión: Milagros Mumenthaler

Elenco: María Canale, Martina Juncadella, Ailín Salas,

Julián Tello, Andrés Granier, Sofía Bertolotto

Son: Henri Maïkoff, Jorge Miranda

Montaxe: Gion-Reto Killias

Fotografía: Martín Frías

Vestuario: Françoise Nicolet

Dirección de arte: Sebastián Orgambide

Produtoras: Ruda Cine (Arxentina), Alina Film (Suíza)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

La idea de un lago, 2016

Menuet, 2012 [curtametraxe]

Abrir puertas y ventanas, 2011

Amancaq, 2007 [curtametraxe]

El patio, 2004 [curtametraxe]

Cape Cod, 2003 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2011 (mellor filme, mellor actriz —María Canale—, FIPRESCI, Xurado novo e Xurado ecuménico), Mar del Plata 2011 (mellor filme, mellor dirección), Donostia 2011 (Horizontes Latinos), Premios Sur 2011 (nomeada a mellor actriz revelación —María Canale—), Guadalajara 2012 (mellor filme), Múnic 2012 (premio Cinevisión), Habana 2011 (mellor ópera prima)

293

SINOPSE

Buenos Aires, final do verán. Tras a morte da avoa Alicia, coa que creceron, as tres irmás Marina, Sofía e Violeta, conviven na casa familiar aprendendo cada unha a sobrelevar esta ausencia. Marina entrégase ao estudo e ao coidado da casa, Sofía concéntrase no seu aspecto e os seus chismes e Violeta deambula do dormitorio ao salón, recibindo as visitas ocasionais dun home maior ca ela. Este incerto entretempo está cargado de risas, discusións, comentarios perversos e agarimos, até que un día de outono Violeta desaparece de súpeto.

«Un conto de tres irmás que encontra a Lorca e Chéjov»

Sophia Mayer, BFI

OS OLLOS VERDES

ABRIR PUERTAS Y VENTANAS

[Milagros Mumenthaler, 2011]



Nota de intención da directora

A historia ten lugar en Arxentina, onde nacín en 1977. Cando tiña exactamente tres meses tivemos que marchar a Europa por razóns políticas. Eramos tres nenas en casa e toda a nosa infancia e adolescencia en Suíza desenvolveuse entre dúas culturas: Arxentina converteuse nun lugar idealizado onde pasabamos as vacacións, o lugar no que prendía a nosa imaxinación. Suíza era a nosa vida



cotiá, onde viviamos e de onde proviña a familia de meu pai. Logo de rematar a escola en Xenebra, aos 19 anos, decidín volver a Arxentina e continuar estudos universitarios alí. Comecei vivindo coa miña avoa durante dous anos en Mar del Plata e despois mudeime a Buenos Aires, onde compartín piso cuns amigos. Moitas das escenas do filme inspiráronse neste período.

Abrir puertas y ventanas relata como a relación entre irmáns se ve afectada polos inevitábeis cambios da adolescencia, tentando establecer a túa propia vida e identidade persoal despoxándote de elementos anteriores. Trata de tres irmás e de como o seu desenvolvemento persoal se ve afectado pola morte da súa avoa. Isto xera un gran burato nas súas vidas, que cada unha delas tenta encher por distintos medios. Un novo equilibrio ha de ser creado nunha casa onde cada obxecto está impregnado do espírito da avoa. A súa ausencia evoca outra ausencia, a dos pais.

A situación das tres irmás non é inusual no contexto arxentino. Moitos nenos foron enviados a vivir cos seus avós durante os días da ditadura militar. Aínda que nin o contexto nin a idade das mozas corresponde a esa época, estou convencida de que hai un fío condutor subconsciente, unha marca na historia

recente de Arxentina que fica na nosa memoria. É por iso que decidín non explicar o que lles sucedeu aos pais. Quería deixar un elemento de dúbida e abrir espazo para que o espectador poida libremente deducir pola súa conta.

Este primeiro filme xorde do desexo de contar unha historia relacionada coa miña propia biografía e experiencia. Inspírase en cousas que experimentei e tamén nas miñas irmás e en min mesma. Ás veces gústame pensar que aínda que a fortuna nos permitiu marchar, as nosas vidas poderían ter cambiado e semellarse máis á das protagonistas. O filme ten un carácter íntimo e persoal, aínda que está ancorado a un contexto cultural e económico moi preciso, podería ter lugar en calquera outro país. A principal localización do filme, a gran casa familiar da avoa, non é impermeábel a influencias de fóra. A televisión, a música e outros acontecementos de fóra son introducidos ao final de cada día polas protagonistas na casa.

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX

ABRIR PUERTAS Y VENTANAS

[Milagros Mumenthaler, 2011]

SOBRE A DIRECTORA

MILAGROS MUMENTHALER nace en Arxentina en 1977. Abandona de moi pequena o país para ir vivir a Suíza, onde pasa a súa infancia e adolescencia. Milagros retorna despois a Buenos Aires onde se gradúa na Universidad de Cine. A continuación emprende a súa carreira como realizadora cunha serie de talentosas curtametraxes nas que vai conformando a súa orixinal mirada. Ao seu debut con *¿Cuándo llega papá?* (2000) e *Cape Cod* (2003) segue *El patio* (2004), fermosa peza de cámara premiada en BAFICI na que emerxe o particular universo creativo de Mumenthaler, determinado por un suxeito enunciador decididamente feminino. En 2007, é seleccionada por un xurado encabezado por Laurent Cantet para formar parte de Cinéfondation, residencia artística do Festival de Cannes na que deron os seus primeiros pasos Lucrecia Martel, Jaime Rosales ou László Nemes (*O fillo de Saúl*). *Abrir puertas y ventanas* foi a súa primeira longa e a obra coa que se consagrou en festivais internacionais, con 5 premios no Festival de Locarno, entre eles a mellor película e mellor actriz, 2 en Mar del Plata (mellor película e dirección) e a súa selección en Horizontes Latinos do Festival de San Sebastián. En 2016, Mumenthaler realiza a súa segunda longa, *La idea de un lago*, proxectada no Festival de Locarno e en San Sebastián e distribuída en salas españolas por NUMAX Distribución.

OS LIBROS DE MILAGROS MUMENTHALER

El horla, Guy de Maupassant. Valdemar, 2016

Una muerte en la familia James Agee. Alianza, 2015

Kitchen, Banana Yoshimoto. Tusquets, 2013

El año del pensamiento mágico Joan Didion. Random House, 2015

Al sur de la frontera, al oeste del sol Haruki Murakami

Mi oído en su corazón Hanif Kureishi

Mi último suspiro, Luis Buñuel. Debolsillo, 2015

La casa de Bernarda Alba Federico García Lorca. Alfaguara, 2017

Los niños terribles Jean Cocteau

El culpable en el tiempo Andrei Tarkovski. Rialp, 1996



“Pódense dicir moitas cousas coas miradas, os detalles, cunha soa palabra”

Entrevista con Milagros Mumenthaler

Por Nina Scheu

O seu filme contén numerosos elementos autobiográficos. En particular, os pais están ausentes por razóns supostamente políticas. Foi ese o caso dos seus propios pais?

Si, meus pais eran de esquerdas e foron activistas durante o seu período na universidade. Tiñan 18 e 20 anos respectivamente, pero non eran *montoneros*. Non estaban realmente en perigo, mais se cadra axudaron a alguén, ofrecendo acubillo a outras persoas ou algo así. Un día, detiveron a meu pai, se ben logo o soltaron. Logo diso, marchamos. Con todo, meus pais non contan esta historia como un drama e nunca nos fixeron sentir como os fillos de refuxiados políticos.

No filme unha das irmás fai a menos á outra por ser, probabelmente, adoptada. É esta unha referencia aos dramas persoais causados pola ditadura? Non, é unha referencia ao personaxe de Sofía, que precisa aldraxar aos demais para ocupar o seu lugar. Cando falamos de adopción en Arxentina, non pensamos automaticamente en razóns políticas. Coido que esta asociación causa máis problemas en Europa porque a xente asocia de inmediato Arxentina coa ditadura. Neste país pasaron moitísimas cousas e non todo ten a ver coa ditadura.

Os seus personaxes apenas falan. Desconfía dos diálogos? Non creo que os diálogos forzados sirvan para informar mellor ao espectador, para facerlle comprender máis. Coido que se poden dicir moitas cousas coas miradas, os detalles, cunha soa palabra. Iso é en certo xeito o obxectivo do meu filme: non forzar. É un estilo de cinema que me gusta e que atopo interesante, cando menos para este filme. Tampouco hai que forzar o silencio; o importante é tentar ser xusta cos personaxes. A miña intención era que os tres corpos non cadraran completamente coa casa ao comezo e que descubrisen as cousas aos poucos.

Como atopou a casa onde transcorre o filme? Cando escribía o guión non estaba a pensar na posta en escena. Ao comezo, evidentemente pensaba nunha casa, mais esa casa non existía! Xa pensara nun salón moito máis grande, moito máis aberto cara ao xardín. Atopamos esta casa no último intre e tivemos que refacer completamente a cociña: é falsa. Tamén hai unha entrada principal, que en realidade é unha entrada secundaria. Non empregamos máis da metade, mais había sitio para o equipo, unha sala para maquillaxe, etc.

Que motiva o título do filme? O primeiro título do guión era *Ausencia*, mais en realidade non trataba diso, ou cando menos non só diso. Logo, fun ver unha representación de *La casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca, na que ao final un personaxe di: «Abrir puertas y ventanas». Pareceume que soaba ben. No filme hai moitas pantasmaas máis, á vez, unha proxección ao futuro.

Publicado en <http://cineuropa.org/>



“Unha beleza, simple, polifónica e elexíaca”

Por Aureliano Tonet

O título do filme, extraído dun diálogo de *La casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca, expresa con precisión a graza que atravesamos a primeira longametraxe de Milagros Mumenthaler, Leopardo de Ouro en Locarno 2011. Porque, ao igual que na obra de teatro de Lorca, que describía a reclusión dunha nai e as súas fillas logo da morte do seu marido, *Abrir puertas y ventanas* é un filme falsamente pechado. Mesmo se a acción se desenvolve do primeiro ao último plano nunha única vivenda, en Buenos Aires, non nos atopamos ante un filme hermético ou repregado sobre si mesmo.

O que lle interesa á realizadora é o aire que circula a través dos compartimentos da casa, esas portas e fiestras que se moven sen cesar, sucesivamente abertas, pechadas, forzadas, batidas, arraxadas. Un aire de final de verán, ao mesmo tempo novo e vello, cargado de promesas e pantasmaas, onde sopran o vento en contra do mar aberto e dos espíritos e no que a cámara, delicadamente móbil, semella detectar o menor dos movementos.

No medio destas correntes de aire hai tres irmás, Marina, Sofía e Violeta. Orfas a pesar da súa curta idade, deben afrontar a desaparición da súa avoa, que se ocupaba delas logo da morte de seus pais. Abandonadas ao seu propio albedrío na gran vivenda abandonada, as rapazas procuran resolver a difícil ecuación que se lles presenta. Como gardaren, xuntas, o dó por aqueles

que as precederon a unha idade na que están convocadas a se lanzar á vida? Como respirar a pleno pulmón cando a pena é abafante? Cales son os interruptores que cómpre accionar: aqueles que nos remiten aos segredos dos defuntos ou aqueloutros que nos levan ás descubertas do mañá?

Fronte a esta morea de dúbidas, cada unha tenta abrirse paso, ao prezo que sexa. Marina, a maior, estudante seria e aplicada, vela pola cohesión do grupo coa axuda dun veciño. Sofía, a segunda e máis coqueta é tamén a máis secreta: ás agochadas sae polas noites a través da porta do garaxe, vende os mobles máis vellos ou quitalles po aos vinilos herdados da familia. Violeta, a pequena, é particularmente sensíbel e a máis musical das tres.

As escenas nas que as nosas heroínas lánguidas e derrotadas escoitan no pica discos espléndidas cancións folk de Linda Perhacs, Vashti Bunyan ou Bridget Saint-John, tocan o corazón do espectador pola súa beleza, simple, polifónica e elexíaca. Milagros Mumenthaler, que deixou aos 19 anos Suíza, onde medrou para vivir coa súa avoa en Arxentina, fai resoar a súa propia experiencia en *Abrir puertas y ventanas*. Tamén reverbera, aínda que se cadra con sordina, a historia política recente de Arxentina, un país marcado, máis ca outros, polos seus loitos e ausencias. Pero o que destaca máis ca outras cousas é a emerxencia dunha nova voz no cinema, esa arte de facer visíbel o invisíbel, de dar a ver a súa vibración aérea.

Publicado en www.lemonde.fr
Traducións: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX

«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes cun destacado percorrido en festivais internacionais que nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org